



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



I Encontro do Livro Galego

Síntese e conclusións¹

Lucia Cernadas, ORCID 0000-0002-9825-4230 (Universidade da Coruña, Grupo de Estudos Territoriais, 15071, Corunha, Galiza, España)

Isaac Lourido, ORCID 0000-0001-9119-2420 (Universidade da Coruña, grupo ILLA, 15071, Corunha, Galiza, España)

Enquadramento

O I Encontro do Livro Galego foi organizado polo proxecto de investigación *CECAIS – Campo editorial e cultura autonómica: institucionalización e industrialización do libro na Galiza (1978-2026)* na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña (UDC), nos días 18 e 19 de xullo de 2024. Teve como obxectivos principais fixar o punto de situación actual do campo editorial galego e identificar fortalezas, debilidades e estratexias de futuro para ese mesmo campo a partir de catro eixos: institucional, profesional, asociativo e académico.

No primeiro día do evento, unha mesa-redonda reuniu representantes de diferentes institucións e administracións públicas (Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega e Deputación da Coruña) (eixo institucional). No mesmo día foron agendadas as presentacións de diferentes proxectos de investigación ligados ao campo editorial galego: o propio proxecto CECAIS, "A edición literaria na Galiza (1975-2000)" (UDC), A Biblioteca da Tradución Literaria Galega (BITRAGA) (Universidade de Vigo) e varios proxectos ligados ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (eixo académico). Já no día 19 de xullo, unha primeira mesa-redonda juntou representantes de asociacións corporativas ligadas á industria editorial galega (eixo profesional); a seguir, foi desenvolvido un novo espazo de conversa con representantes de asociacións do mundo da produción editorial (eixo asociativo). O encontro finalizou con unha sesión de traballo colaborativo para a elaboración de propostas e conclusións, da cal se deriva o grosso do documento que agora presentamos.



¹ Documento de traballo do proxecto de investigación Campo editorial e cultura autonómica: institucionalización e industrialización do libro na Galiza (1978-2026) (PID2022-139351OB-I00), financiado pola Axa Estatal de Investigación do goberno de España (MCIN /AEI /10.13039/501100011033 / FEDER, UE). + info: www.livrogalego.net



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



Síntese das mesas redondas

Mesa-redonda de administracións públicas

Coordenadora: María Andrade (UDC). Participantes: Cristina Rubal (Subdirectora Xeral de Bibliotecas e do Libro da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia), Dolores Vilavedra (Consello da Cultura Galega) e Natividade González Rodríguez (Deputada de Cultura da Deputación da Coruña).

Cristina Rubal apresentou diferentes iniciativas para impulsar o libro no ámbito das políticas públicas da Xunta de Galicia. Após referir as competencias atribuídas en materia do libro à Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o punto de inflexión que supôs a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia, ofreceu datos genéricos sobre a cultura galega e destacou elementos positivos, como o recoñecemento a criadoras e criadores, o aumento dos índices de lectura ou a digitalización. Apresentou algúns resultados do Informe de hábitos de lectura e compra de libros (2023), destacando na parte positiva o elevado número de persoas lectoras ou a porcentaxe de persoas que lê en galego (61,2%), fronte a 34,7% que non lê libros ou a 36,9% que saben ler en galego, mas non o fan.

A seguir, introduziu os ámbitos de aplicación do Plan Xeración Cultura (aprovado en xaneiro de 2023) ligados ao sector do libro: apoio à creación (residencias, premios, obradoiros de tradución e creación, estadias e intercambios con outras culturas), axudas à edición e distribución (livros de lectura fácil e audiolibros, produción editorial convencional, comercialización, tradución, adquisición de produtos e licenzas dixitais, recursos didáticos e convénios con entidades), proxección exterior (programas de bolsas, residencias ou parcerias institucionais), difusión do sector (feiras do libro e divulgación dixital de eventos das livrarias), rede de bibliotecas públicas e, finalmente, novas liñas de actuación ligadas aos servizos dixitais, a colaboración con as entidades locais e o aumento do orzamento para adquisición de fondos para as bibliotecas e para o Programa de dinamización lectora e bibliotecaria. Finalmente, anunciou a creación de un Plan de dinamización da lectura de Galicia e de un Observatorio da Lectura de Galicia, e sinalou catro desafíos de futuro: adecuación às novas realidades do consumo e do acceso cultural, transformación dixital do sector do libro galego, difusión dos xéneros literarios menos visíbeis e accesíbeis, e aposta nas livrarias como canal principal de promoción do libro galego.

Dolores Vilavedra descreveu a liña editorial do Consello da Cultura Galega, en que destacan publicacións ligadas à lingua e à historia. Referiu a aposta pioneira da institución pola disponibilización pública, en formato dixital, da súa produción (já desde finais da década de 1990) e colocou como grande desafío para o futuro o avance na edición dixital, apesar do valor simbólico que aínda tem a edición en papel. A seguir, apresentou datos inéditos do Barómetro da Cultura Galega, que incluí percepcións de entidades referidas a 2023 e perspectivas para 2024. Destacou varios elementos: predomínio de empresas de pequena escala e abundancia de iniciativas de auto-emprego; estabilidade tanto na evolución dos ingresos económicos como nos indicadores de emprego; datos actualizados sobre os subsidios (51% non solicitou, 43% obteve e 5,8% non obteve); défices nas iniciativas de internacionalización, que só poden asumir entidades de maior tamaño; investimento fraco en intelixencia artificial, tamén asociado a empresas de maior tamaño. Encerrou a intervención con unha reflexión sobre a atomización de



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



entidades editoras como carência do campo, para cuja superação sugeriu maior ambição nas políticas de colaboração empresarial.

Natividade González frisou as competências (qualificadas como limitadas) da Deputación da Corunha no âmbito da edição. Referiu a publicação do Boletín Oficial da Provincia, a edição de revistas e livros de interesse para a província ou o apoio a publicações externas que tenham o mesmo interesse, sendo que todas as publicações da instituição têm um carácter não venal. Mencionou a existência de uma imprensa própria da Deputación, que oferece serviços a entidades interessadas e que tem uma comissão de seleção de publicações específica. Um terceiro ponto de ação institucional tem a ver com os prémios literários organizados, integrados numa política de fortalecimento da cultura e descoberta de novos talentos. A convocatórias destes prémios colocam vários desafios, como a edição (na própria imprensa) e distribuição das obras (através de um processo de licitação pública que costuma ficar deserto); para atender estes desafios indica que seria necessário ter uma comunicação mais fluente com os agentes do setor. Finalizou a sua intervenção apresentando mais duas linhas de ação institucional: convocatória das Residencias Artísticas Mariñán e a Biblioteca Provincial, que na prática funciona como biblioteca de bairro.

A maior parte do debate esteve centrado na questão da internacionalização. Foram pedidos esclarecimentos sobre a ambiguidade com que é tratada a ideia da projeção exterior, umas vezes focada como “exterior à Galiza” e outras como “exterior ao Estado espanhol”. A representante da Xunta de Galicia argumentou a existência de várias dificuldades: atomização do mercado editorial, escassos recursos (e, por vezes, formação) de algumas entidades, necessidade de estruturas especializadas dentro das próprias editoras. Em resposta a críticas do setor neste aspeto, Rubal defendeu que os fundos destinados à internacionalização não podem ser apenas para as entidades associadas à Asociación Galega de Editoras. Frisou que a função da instituição pública é pôr os meios, não funcionar como agente literário. Outras vezes defenderam a necessidade de integrar a internacionalização do setor em políticas públicas mais abrangentes, com prioridades (mercados e áreas culturais) mais claramente definidas. Finalmente, outros comentários questionaram a ligação implícita entre atomização do setor e precariedade, ou remarcaram a necessidade de parcerias público-privadas que pudessem resolver problemas detetados num e noutro âmbito.

Mesa-redonda de associações e indústria editorial

Coordenador: Roberto Samartim (UDC). Participantes: Miguel Toval (Asociación Galega de Editoras [AGE]) e Ramón Domínguez López (Federación de Librerías de Galicia [FLG]). Belén López Vázquez (Consortio Editorial Galego) não pôde estar presente.

Miguel Toval fez uma radiografia inicial do setor, reiterando que uma maioria de empresas são de pequeno e mediano tamanho, facto que obriga a uma centralização no próprio processo editorial e que impede diversificar focos de trabalho. Relativamente à AGE, frisou o carácter de associação especificamente empresarial, o que dificulta a comunicação com a administração pública, dado que nem sempre se consegue diferenciar fundamento empresarial e conceção convencional da cultura, ligada ao desinteresse económico. Quanto às demandas do setor, expôs duas principais: reconhecimento do livro como setor estratégico, tanto no plano cultural



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autónoma:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-1393510B-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



como no económico e reparación da dívida histórica da administración com o libro galego. A seguir, fez um balanço de fortalezas e debilidades. Pôs em valor a diversidade do setor (até 46 empresas em AGE, e outras fora da associação); a alta percentagem de títulos publicados (uns 1.100) e a elevada percentagem deles editados em galego (por volta de 75%); o reconhecimento através dos Premios Nacionais do Ministerio de Cultura, que abre as portas do mercado espanhol; a existência de perto de 20.000 títulos “vivos” (em catálogo), assim como a presença em novas formas de comercialização (nomeadamente a digital), embora com transcendência escassa e impacto económico reduzido. Quanto às fraquezas, destacou a falta de reconhecimento como sector estratégico tanto da administração pública como da sociedade galega, o que provoca a necessidade constante de legitimar o próprio trabalho e a função social desenvolvida.

Ramón Domínguez começou transmitindo a sensação geral de que alguma coisa não está a funcionar corretamente no setor do livro galego e remarcou as dificuldades para aceder a uma informação centralizada e sistemática de todos os dados relativos ao setor. No âmbito específico das livrarias, referiu a criação da FLG em 1977 e a existência de 144 livrarias associadas na atualidade. Descreveu o setor como diverso, devido á dispersão populacional e á multifuncionalidade das empresas que vendem livros. Argumentou o valor das livrarias como garante da diversidade editorial, por exemplo através da política de preço fixo, que estabelece descontos de 5% no máximo em livrarias, e de 10% e 15% em ferias e vendas à administração, respetivamente. Quanto à ação institucional da FLG, mencionou a organização de até 13 feiras do livro, e de um número similar de feiras do livro antigo e de ocasião. Destacou a implantação de uma agenda específica da FLG e a continuidade de iniciativas organizadas em parceria, como os Premios Follas Novas do Libro Galego. Como fortalezas do setor, referiu a presença física das livrarias em largas margens do território galego, o qual permite que funcionem não apenas como principal referência para a venda de livros, mas também como locais de socialização e dinamização cultural. Quanto às necessidades, indicou a ausência de condições adequadas para desenvolverem o seu trabalho numa perspectiva empresarial, bem como a conveniência de as instituições públicas reforçarem o valor social do livro galego.

O espaço de debate foi extenso e levantou diferentes questões. Algumas delas relativas à necessidade de optar por um ecossistema do livro galego mais diverso e sustentável, com dinâmicas de colaboração entre produção, distribuição e comercialização. Foram abordadas também as políticas públicas e a evidente centralização das mesmas na Xunta de Galicia, que limita a capacidade de interlocução da AGE com entidades de diferente escala, como concelhos, deputações ou o ministério correspondente. Por seu turno, a FLG manifestou a existência de uma margem de melhora significativa quanto à colaboração institucional, apesar do convénio vigente para a organização das feiras do livro com a Xunta e da existência de convénios ou apoios específicos quer com deputações quer com concelhos. O desencontro entre algumas instituições, nomeadamente AGE e a Xunta, foi objeto de diferentes intervenções. Miguel Toval colocou como exemplo disto o processo participativo para o projeto do Plan de dinamización da lectura de Galicia. Outras vozes chamaram a atenção para a necessidade de políticas públicas mais abrangentes, nomeadamente as ligadas à promoção da língua galega. Ligadas a estas questões, reapareceram os debates ligados à atomização do setor, que AGE vincula à falta de



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autónoma:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



apoios públicos e a um sistema deficiente de subsídios, complementados agora com a percepção de uma parte dos projetos empresariais serem insustentáveis em meio e longo prazo.

Outro bloco de debate esteve ligado ao ensino. O representante da AGE frisou o impacto negativo do Decreto de Plurilingüismo em termos de faturação ou postos de trabalho, e especificou que o sistema de gratuidade nos manuais escolares provoca uma ampliação dos prazos de produção e uma escassa renovação dos materiais, frente ao sistema anterior, que permitia a muitas editoras manter projetos literários a partir de uns manuais que se vendiam e podiam atualizar anualmente. No que diz respeito ao E-Dixgal, Toval esclareceu que quase não há editoras galegas a fornecerem livros para este sistema, até porque uma maioria carece de infraestrutura para os produzir. Da perspetiva da FLG, os manuais escolares experimentaram uma descida muito importante em termos de venda em livrarias e trata-se de um mercado que sobrevive melhor em localidades mais pequenas. Remarca, por outro lado, a existência de uma competência desleal na venda deste tipo de livros por parte de alguns centros de ensino, nomeadamente os privados, facto que põe em causa a especialização e a cadeia de valor do livro. Marta Dacosta, participante na mesa sobre produção agendada na continuação, identifica a partir da sua experiência docente uma mudança recente na abordagem comercial dos manuais escolares, ligados na atualidade a planos de leitura íntegros elaborados pelas editoras.

Mesa-redonda de coletivos ligados à produção

Coordenação: Isaac Lourido (UDC). Participantes: Marta Dacosta (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega [AELG]), Augusto Martínez Zamudio, conhecido como Augusto Metzli (Asociación Galega de Profesionais da Ilustración [AGPI]) e Patricia Buxán (Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación [AGPTI]).

Marta Dacosta sintetizou os âmbitos de atuação da AELG: dignificação e promoção das pessoas que se dedicam à escrita, e conexão com outras profissionais do mundo do livro, de outras artes e, em geral, da sociedade. Frisou que na ação institucional da AELG a língua galega ocupa um lugar central e que a ativação do site supôs um salto de qualidade. Ressaltou como fortalezas a elaboração, desde 2020, de um Libro Branco de Escritoras/es en Lingua Galega (no qual são identificados problemas como a redação de contratos ou as convocatórias de prémios) e a existência de uma produção literária de alta qualidade (complementada com o registo de um número elevado de autorias, um forte sentimento de pertença à AELG e um determinado compromisso social). Quanto às fraquezas, referiu o escasso grau de profissionalização, a falta de apoio e reconhecimento institucional, focalizada na Xunta de Galicia, e ausência de um quadro legislativo específico para a atividade literária. Como necessidades, indicou a conveniência de dinamizar o ecossistema cultural galego, através do envolvimento de administrações e meios de comunicação, sempre com o uso e com o compromisso explícito com a língua galega como elemento de referência. Nesse sentido, apontou o trabalho intensivo de contacto e diálogo com instituições diferentes da Xunta de Galicia.

Augusto Metzli iniciou a sua intervenção colocando alguns desafios que condicionam a atividade institucional a AGPI: falta de uma assunção definitiva de perspetivas críticas como a de género ou a anti-racista, desconhecimento por parte do público dos géneros e das práticas da ilustração, ou ausência de uma coordenação mais eficiente entre entidades corporativas ligadas ao setor



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



do libro. O foco central da súa intervención esteve ligado à cuestión da intelixencia artificial: segundo Metzli, a penetración da IA generativa no sector da ilustración incrementou-se notavelmente nos últimos tempos. O asunto foi abordado a partir das violacións sistemáticas que o uso indiscriminado provoca no que diz respeito aos dereitos de autoría das persoas criadoras. A intervención finalizou con un alerta relativo à complexidade e abrangencia social dos usos e dos abusos da intelixencia artificial. Demandou a elaboración de un quadro legislativo que garanta os dereitos das persoas profesionais do sector e limite os efectos nocivos detetados.

Patricia Buxán fez uma apresentação geral da AGPTI, nascida como asociación profesional em 2001 com as preocupacións iniciais da precariedade do sector e da situación da lingua galega, e com cinco principios de traballo: colaboración, formación, visibilización, denuncia e interlocución. Tem na actualidade 137 persoas asociadas (80% delas profesionais) e catro grupos de traballo: interpretación, tradución audiovisual, pós-edición e tradución literaria. Colabora con múltiples institucións, tem uma agenda propia de iniciativas, ofrece servizos profesionais e de divulgación; no ámbito da tradución editorial, faz parte da asociación profesional ACE Traductores, e participou em diferentes foros internacionais.

Como fraquezas do sector, destacou a precariedade geral do sector do libro, que condiciona a exigencia de mellores tarifas, bem como a existencia de uma formação profesional demasiado genérica, de margens de melhora na reivindicación do seu perfil profesional e o desaproveitamento de sinergias con outros colectivos. Quanto às fortalezas, destacou o retorno recibido por clientela e leitorado, a tendencia recente a preferir profesionais da tradución fronte ao autor reconhecido que faz traballos de tradución, os ativos profesionais específicos, as competencias complementares possuídas ou as potenciais redes de apoio existentes con outras entidades, como a AELG ou a AGE. No relativo às ameazas, citou a falta de reconhecemento, os baixos niveis de lectura em galego e o escasso prestígio da lingua, a competencia con a produción em castelano, a insuficiencias das políticas públicas, a dependencia dos subsídios e a estagnación das tarifas; além disso, situam-se as causas na situación económica geral, nas escasas margens de beneficio existentes no sector do libro, na falta de diversidade de géneros literarios ou na penetración da intelixencia artificial, que pode habituar o público aos produtos de má qualidade. Finalmente, quanto às oportunidades, ressaltou o feedback positivo recibido pela clientela e noutros espazos, como os clubs de lectura; tendencias emergentes, como a participación em programas de formación e de fomento da tradución promovidos por institucións não galegas; a adaptación a novos perfis profesionais, ou o melhoramento das relacións con outras institucións con as quais existe uma relación prévia.

No tempo de debate, surgiu outra vez a cuestión da internacionalización do libro galego. O representante da FLG esclareceu que os mercados exteriores para este produto são muito limitados. Apesar da recorrente invocación do mercado latino-americano, as opcións de exportación têm-se limitado practicamente ao México e ao Chile, enquanto opcións como as do Brasil ou Portugal não tiveram sucesso. Como causas, foram referidos os altísimos custos do envio de libros para América e a inexistencia de mecanismos e institucións que facilitem a troca comercial de libros entre o Estado espanhol e América. O representante da AGE frisou a necesidade de uma institución autonómica especificamente dedicada à proxección exterior da cultura e do libro galego.



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autónomaica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



Um segundo bloco de debates esteve ligado à questão da formação de profissionais. No âmbito da tradução, foi lembrada a existência de um curso de graduação especializado na UVigo, mas também a presença reduzida que a tradução literária tem neste âmbito profissional, circunstância que em geral obriga a um forte investimento em auto-formação. Por seu turno, o representante da FLG ressaltou estarem a organizar uma formação anual, que pretende ser transformada num processo de formação contínua que aborde aspetos jurídicos, económicos ou de marketing; porém, considerou que para a promoção e defesa do ofício, seria precisa uma titulação de âmbito universitário, por exemplo ao nível da pós-graduação. Miguel Toval, da AGE, referiu que no setor da edição se trata de um tema escassamente abordado, dado que a via de entrada mais habitual no setor é a vocacional; no entanto, reconheceu a inexistência de vias de formação especializada no sistema universitário galego, bem como a convergência no setor de profissionais de setores muito diversificados. Finalmente, a representante da AELG refletiu sobre a tendência para o auto-didatismo no âmbito da escrita literária. Reclamou a necessidade de bolsas de criação, que estão em retrocesso na atualidade e a ser substituídas por iniciativas doutro tipo, como as residências para criadoras/es. Também mencionou o sucesso das escolas e obradoiros literários organizados pela AELG, bem como a existência noutros contextos académicos de graus de escrita criativa.

Síntese dos projetos de investigação apresentados

Campo Editorial e Cultura Autónomaica: Institucionalização e Industrialização do livro na Galiza (1978-2026)

O primeiro projeto académico apresentado foi *Campo editorial e cultura autónomica: institucionalización e industrialización do libro na Galiza (1978-2026)* (CECAIS). Roberto Samartim (UDC), o seu investigador principal, começou esclarecendo a origem do projeto no *Proxecto Livro Galego* (www.livrogalego.net), uma iniciativa que tencionava estudar o campo editorial galego no período autónomico e cuja principal achega foi uma base de dados de livro em galego entre 1978 e 2019. Na atualidade, CECAIS é um projeto financiado pelo Ministerio de Ciencia e Innovación do goberno da España até 2027 e, com estes recursos, ampliou o seu foco a todo o livro publicado na Galiza, não apenas em galego; os critérios de inclusão são, portanto, uma combinação do critério filológico e do critério espacial.

O ponto de partida de CECAIS é o entendimento do campo editorial como um objeto de estudo privilegiado para avançar no conhecimento de sistemas culturais complexos. Para este estudo, porém, os membros do projeto detetaram deficiências na recompilação, disponibilização e análise de dados, que resultam parciais e, portanto, não são passíveis de gerar conhecimento relacional nem sobre o campo editorial, nem sobre o sistema cultural galego autónomico. Em consequência, a equipa de CECAIS julga difícil o aproveitamento social desse conhecimento para a gestão, a planificación e a gobernança participada da cultura. Os défices mais concretos identificados por CECAIS são a dispersão das agentes dedicadas ao estudo sobre a edição na academia, a dificuldade de acesso e tratamento dos dados, a falta de análises empíricas e relacionais sobre o campo e as carências no aproveitamento e a transferência à sociedade deste conhecimento.



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autónomaica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



Neste sentido, os objetivos xerais do proxecto apresentados no encontro vão dirixidos a cubrir as carencias detetadas e materialízanse en catro objetivos específicos. Em primeiro lugar, disponibilizar pública e gratuitamente dúas bases de datos: unha con rexistros do libro galego (publicado na Galiza e/ou em galego) no período autonómico e outra con rexistros da bibliografía sobre o campo editorial galego. Em segundo lugar, estudar as relacións do campo editorial galego con os campos da política, a crítica, a historiografía, o ensino e outros sistemas culturais. Em terceiro lugar, analizar a promoción interna e a canonización da literatura galega. Finalmente, analizar a promoción externa, ou internacionalización, desta literatura.

Durante o Encontro, como entidade organizadora, o proxecto apresentou-se como facilitador de sinergias entre os diferentes proxectos académicos dedicados total ou parcialmente ao estudo da edición na Galiza. Neste sentido, no turno de debate foi colocada a necesidade de coordinar estas investigacións para un uso sustentábel dos recursos. Tamén foi mencionada a necesidade de avaliar os resultados para além da duración dos proxectos. Noutro sentido, foi suxerida a inclusión da información sobre distribución do libro na base de datos do proxecto, debido a que este elo na cadeia de vida do libro resulta, de acordo con as persoas intervinientes no debate, a cada vez máis determinante.

A edición literaria na Galiza (1975-2000)

O seguinte proxecto a ser presentado foi *A edición literaria na Galiza (1975-2000)* (EDILIGAL, <https://ediciongalegaxx.citic.udc.es/statics/1>). A encargada de o facer foi a profesora da UDC Carme Fernández Pérez-Sanjulián, investigadora principal. Do mesmo modo que CECAIS, EDILIGAL nasce como continuación de un proxecto previo, *A edición na Galiza durante a etapa franquista (1939-1975)* [<https://ediciongalizafranquista.udc.gal/>], em resposta a unha carencia detetada pola súa equipa: a falta de estudos monográficos em profundidade sobre o sector editorial galego, que recompilém exhaustivamente a información sobre a produción e os diferentes proxectos editoriais utilizando análises cualitativas e cuantitativas.

Ante os défices detetados no estudo e na dispoñibilidade de datos, EDILIGAL focou o seu traballo em catro objetivos: em primeiro lugar, crear un catálogo informatizado da produción literaria galega entre 1975 e 2000; em segundo lugar, caracterizar e analizar proxectos editoriais considerados relevantes para esta etapa; em terceiro lugar, analizar o impacto do conflito normativo no campo editorial galego; por último, analizar a participación das mulleres na industria editorial galega.

Durante a presentación, foi explicado o estado dos traballos de recompilación e depuración de datos, em fase inicial e de alta complexidade. Quanto à continuidade e aproveitamento dos datos, o aplicativo que recolle as informacións da etapa autonómica poderá ser integrado com a base de datos sobre a edición na etapa franquista e aglutinar toda a produción literaria do século XX a partir de 1939. Doutra parte, EDILIGAL tem iniciado a caracterización demorada de editoras, através da consulta de materiais escritos, mas tamén de entrevistas com persoas implicadas nelas. Igualmente, está em proceso a atribución de etiquetas, de entre dez opcións, segundo a norma ortográfica empregada. Finalmente, está a ser elaborado un inventário de mulleres no mundo editorial galego e as súas funcións, com o objetivo de visibilizar o seu



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



trabalho. Neste último sentido, EDILIGAL consultou documentación, realizou entrevistas persoais com mulleres no mundo da edición e organizou tres encontros sob o título *Elas no prelo*.

Quanto a este proxecto, no turno de preguntas surgiram cuestións relativas ao acceso público das súas bases de datos, que foron resolvidas no momento.

Biblioteca da Tradución Galega

Na segunda sesión dedicada a proxectos académicos, foi apresentada a Biblioteca da Tradución Galega (BITRAGA; <https://bibliotraducion.uvigo.es/bibliotraducion/index.php?idioma=ga>) por parte de Ana Luna Alonso, profesora na Universidade de Vigo e actual coordinadora.

BITRAGA é iniciativa de un grupo homónimo na Universidade de Vigo e tem o seu inicio en 2004. O seu principal resultado, com base no qual elaboran os seus traballos de investigación, é o Catálogo da Tradución Galega, que reúne as traducións desde e para o galego no período. Alguns dos principais obxectivos de BITRAGA mencionados por Luna Alonso foron localizar os textos e paratextos traducidos para a súa posterior análise, visibilizar o traballo de profesionais da tradución, analizar o caso da tradución galega, potenciar a tradución como ferramenta de normalización do sistema cultural galego, conscientizar a sociedade e as institucións sobre a importancia da tradución e, finalmente, cuestionar a noção de suposta internacionalización e multiculturalidade atingida através desta actividade.

Sendo un proxecto activo desde 2004, BITRAGA conta com una longa trajetória de publicacións científicas e proxectos financiados, de organización de actividades, de participación en foros e congresos. Quanto à transferencia dos resultados do seu proxecto, destacaram a colaboración com outros grupos de investigación ou asociacións profesionais envolvidas com a tradución galega, tais como a Asociación Galega de Profesionais da Tradución (AGPTI) ou a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX). No encontro foi presentado tamén o papel de BITRAGA no deseño de formación de pós-graduação como Experto/a en edición na UVigo, una experiencia que, porém, não contou com suficientes inscricións para se manter na oferta formativa desta universidade.

Alguns dos desafíos detetados por BITRAGA são a complexidade na actualización e ampliación da súa base de datos, ou as dificultades na localización de textos, autorías e investigadores/as sobre a tradución. Destacaram igualmente a necesidade de analizar o impacto da incorporación de produción en línguas diferentes do galego neste campo literário, assim como a recepción da literatura galega em campos alheios, e a vontade de diagnosticar estratégias de internacionalización cultural. Como proxectos de futuro, BITRAGA propõe repensar os Estudos de Tradución galegos através da análise de discursos em contextos minorizados e da focagem de género, elaborar políticas de tradución públicas e colaborar com entidades privadas, crear un fondo físico de tradución ("Xanela ao mundo. Observatorio da tradución galega") e fundar un museo virtual da tradución galega com conteúdos históricos e didáticos.

Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil

Marta Neira Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela [USC]) e Carmen Ferreira Boo (UDC) presentaron, como membros do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, o proxecto Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



(<https://www.cirp.es/proxectos/proxecto-literatura-infantil-e-xuvenil.html>). Este proxecto alimenta os Informes de Literatura publicados por esta institución, os quais foram também apresentados. Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil nasceu em 2012 e reúne os trabalhos realizados sobre Literatura Infantil e Juvenil (LIJ) galega no seio do proxecto, mas também doutros membros da Rede Temática de Investigación "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIJMI), os da Asociación de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil ELOS e os do grupo de investigación da USC LITER21.

Os objetivos marcados pelo proxecto são trocar conhecimentos e experiencias entre docentes e investigadores/as a nível ibérico e latino-americano, vertebrar e consolidar uma comunidade científica por volta da LIJ, visibilizar a LIJ nos âmbitos educativo, investigador e social; promover a LIJ como espaço de criatividade, tolerância e entendimento e, por último, realizar relatórios descritivos anuais da LIJ galega. Quanto a necessidades identificadas, as responsáveis pelo proxecto apontaram para a falta de legitimidade da LIJ como objeto de estudo académico e literário, indicando um excesso de atenção ao seu elemento didático.

No turno de debate, foi tratado o déficit percebido na mediação da leitura nas bibliotecas escolares, ponto de difusão a priori estratégico para a literatura infantil e juvenil: sinalou-se a boa dotação das bibliotecas, mas a escassa formação e disponibilidade temporal do profesorado para a sua dinamização. Um dos diagnósticos do debate foi que, ante a ausência de profesionais da biblioteconomia nos centros escolares, fica sem explorar uma importante oportunidade de criação de público leitor.

Conclusões

A partir dos dois dias de apresentações, debate e reflexión sintetizados acima, a equipa organizadora do Iº Encontro do Livro Galego elaborou uma série de conclusões gerais, das quais se derivam, ou às quais estão vinculadas, algumas conclusões complementares ou mais específicas:

1. A Xunta de Galicia tem atribuídas de maneira exclusiva as competências das políticas públicas ligadas ao setor do libro e, portanto, constitui-se na instituição de referência para o resto de agentes do sistema

— No momento atual (2024-2025), uma maioria de agentes institucionais (dos âmbitos da edição, da comercialização ou da criação) reconhecem défices significativos no desenvolvimento da Lei do libro e da lectura, nas políticas públicas de apoio ao setor e nos processos de interlocução e co-participação institucional.

— Os défices detetados nas políticas públicas da Xunta de Galicia aparecem ligados a défices correlativos noutras esferas de governação, nomeadamente as que têm a ver com a normalização linguística e com a ação exterior.



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



— A crítica às políticas públicas para o sector do libro costumam incluír o caso catalão, e en menor medida o basco, como referentes de analogía que non son emulados de maneira eficiente.

— Existen límites moito significativos para o deseño e para a aplicación de políticas públicas ou de proxectos estratégicos no sector do libro sen a participación da Xunta de Galicia.

2. A internacionalización e proxección exterior do libro galego é percebida como deficitaria

— Novamente, a Xunta é vista polos agentes do sector como o principal ator responsable pola internacionalización do libro galego e o seu labor é cuestionado.

— O sector demanda a integración das estratexias de internacionalización do libro numa acción governativa máis abrangente, nomeadamente através da creación de un instituto cultural de proxección exterior.

— A internacionalización do libro é ligada ao atingimento de un determinado grao de desenvolvemento institucional e mercantil, cuxo modelo de emulación máis explícito é a Cataluña.

— Os conceptos de internacionalización e proxección exterior do libro galego son utilizados como sinónimos por algúns agentes, enquanto outras persoas diferenciam entre internacionalización (além das fronteiras estatais) e proxección exterior (além das fronteiras da Comunidade galega).

3. Perceções e análises dos agentes institucionais coinciden na precariedade estrutural do sector do libro galego

— A percepción de precariedade costuma estar asociada à predominancia de una tipología de empresas de tamaño pequeno ou mediano, nomeadamente no ámbito da edición, e a un estado conseqüente de atomización no funcionamento do sector.

— Os modelos alternativos à situación actual son concebidos a partir de dous polos claramente diferenciados: por un lado, o do crecemento empresarial e a industrialización do sector en todos os seus procesos; por outro, o da creación de un sistema máis diverso, sustentábel e eficiente no seu funcionamento, que non pase necesariamente por una modificación das tipologías empresariais existentes.

— As dinámicas actuais de distribución son asinaladas por agentes individuais e institucionais como factor de desequilibrio na cadeia de produción, comercialización e consumo do libro galego: o elo da distribución obtém uns rendimentos que non apenas ultrapasan a súa agregación de valor ao produto, senón que chegan a condicionar o funcionamento do resto de subsectores.

— A precariedade concretízase nas persoas traballadoras de cada un dos subsectores: multifuncionalidade e falta de especialización na edición, ausencia de profesionalización na creación ou inestabilidade económica na tradución ou na ilustración.



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autonómica:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



4. Défices na legitimación e valorización social do libro (em) galego são percebidos como obstáculo central para o setor

— A ação institucional é focada principalmente no fomento da leitura no geral. Parte das agentes participantes no Encontro reclamam maior ênfase no apoio ao livro escrito em galego.

— Existe uma percepção de decalagem entre uma literatura galega de alto “valor literário” e o escasso reconhecimento social e institucional desse valor. Os principais indicadores mencionados para a atribuição de tal valor são os prémios nacionais estatais.

— Os públicos maioritários do livro galego não procedem da venda direta, senão que estão mediados pelo ensino. Quanto ao mercado do livro de texto, a implementação da plataforma E-Dixgal impacta em dous sentidos: duma parte, o modelo acaba com a compra anual de manuais por parte das famílias; doutra parte, as editoras galegas carecem da infraestrutura necessária para adaptar os seus produtos à plataforma. Quanto à literatura infanto-juvenil, destaca a alteração da relação comercial habitual (edição, distribuição, venda em livraria) através da venda de pacotes aos centros de ensino diretamente pelas editoras, que incluem manuais escolares, livros de leitura, guias docentes... num mesmo conjunto.

5. Nos planos da formação e do desempenho profissional, o setor do livro enfrenta tanto desafios de recente aparição como outros instaurados nas suas dinâmicas de funcionamento nas últimas décadas

— Diferentes agentes do setor reconhecem défices significativos na formação das pessoas que trabalham nele, especialmente nos postos e tarefas mais especializados, circunstância parcialmente ligada à precariedade do setor, ao reduzido tamanho das empresas e à concentração de uma multiplicidade de tarefas de diferente natureza num número reduzido de pessoas.

— Existem carências evidentes na oferta formativa ligada ao setor do livro no sistema universitário galego, sendo que opções existentes no passado ao nível do pós-graduação acabaram por decair, nalgum caso por falta de procura. Tal falta de procura foi associada, entre outros fatores, à falta de tempo e recursos do público-alvo e à variedade das tarefas desenvolvidas no trabalho editorial, além das tratadas no programa de estudos destes cursos.

— A inteligência artificial (IA) constitui na atualidade o maior desafio para alguns dos setores mais diretamente ligados à produção (ilustração, tradução e, em menor medida, criação) e introduz questões inéditas relativamente aos direitos de autoria, para as quais é demandada uma legislação protecionista que evite a intensificação da precariedade profissional.

6. Projetos de investigação sobre o setor editorial galego coincidem nos seus desafios e na sua vontade de transferir conhecimento à sociedade

— Os projetos constatarem a sua dependência do financiamento público e, em consequência, das suas lógicas temporais, materiais e de avaliação, as quais não necessariamente acompanham as dos seus objetos de estudo.



Proxecto "Campo Editorial e Cultura Autónoma:
Institucionalización e Industrialización do libro na Galiza (1978-2026)"
(PID2022-139351OB-I00) financiado por MCIN/AEI/10.13039/501100011033/FEDER, UE



- Non existen dinámicas e espazos de colaboración entre os varios proxectos, o cal impacta na eventual redundancia de esforzos.
- A investigación académica sobre o libro galego tende a asumir funcións legitimadoras de prácticas, agentes, sectores... do campo editorial.
- A maioría de proxectos desenvolven o seu labor no ámbito das chamadas Humanidades Digitais, nomeadamente no deseño e alimentación de bases de datos bibliográficas para disponibilizar referencias empíricas.
- Todos os proxectos participantes coinciden na vontade de transferir os seus resultados á sociedade, con diferentes perspectivas: quer a planificación de estratexias para o sector, quer a divulgación e visibilización dos seus obxectos de estudo (tradución, literatura infantil, participación das mulleres no campo editorial, relacións con outros campos sociais etc.).